

Preguntas frecuentes (Frequently Asked Questions - FAQ)

Preguntas frecuentes:

Altas e renovación de socios:

Xistra ten **COTA DE ENTRADA** ?

Si. Pero para a primeira inscrición no club está **BONIFICADA 100%** e os novos socios **non pagan nada pola primeira inscrición** . A cota de entrada actual son **10** ?.

PERO os socios que non tramiten a súa licenza un só ano, no momento de pedir o **reingreso** deberán **PAGAR A COTA DE ENTRADA COMPLETA QUE ESTEA EN VIGOR**, se desexan volver a ingresar en Xistra.

Que necesito para **facer a licenza con Xistra** ?

Se es un **novo socio** consulta **?Como é a alta dun socio novo?**.

Se xa es **socio** consulta **?Como renovar a cota anual e licenza?**.

Se **fuches socio** e queres reingresar consulta **?Pasos para o reingreso?**.

Como é a alta dun socio novo ?

Para unha alta nova debes solicitar o ingreso en Xistra. Non é un proceso automático, polo que non debes pagar ata que sexas aceptado no club. Os pasos son os seguintes:

1.- Solicitas a túa alta mandando a seguinte documentación e agardando á súa aceptación polo club (precisas o aval de 2 socios).

1.1.- Fotocopia do DNI

1.2.- Unha foto tamaño carné

1.3.- Imprime, cumprimenta, pide que asinen os avalistas e entrega o [seguinte documento de alta \(pdf\)](#)

1.4.- **FAI CHEGAR ESTES DOCUMENTOS ESCANEADOS AO CLUB MEDIANTE ESTE ENLACE DE PREINSCRICIÓN ?**
[SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN](#)

2.- Unha vez que recibas a aceptación, deberás facer o pagamento da licenza e da cota social conxuntamente no número de conta que te indiquen dende o club, indicando no concepto **?Licenza?** e os teus apelidos.

Como renovar a **cota anual e licenza** ?

Documentos de renovación anual de socios:

Imprime, cumprimenta e entrega o [seguinte documento de renovación \(pdf\)](#)

Actualiza os teus datos e fai o pagamento con este enlace [PASARELA WEB PARA RENOVACIÓN DE SOCIOS](#)

Pasos para o **reingresso**

O procedemento é o mesmo que para os socios novos (con toda a achega de documentación, de avais, e co proceso de avaliación da Directiva), pero non gozarán da vantaxe da cota de entrada gratuíta, e deberán pagar a cota vixente no momento da solicitude.